



NARÓN

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DO PROGRAMA “MEMORIA VIDA DOS NOSOS LAVADOIROS”

Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2023, este pleno aprobou unha moción para a recuperación e rehabilitación das fontes e lavadoiros de Narón. Froito dese acordo, avanzouse na creación dun inventario e un mapa de localización. O goberno tiña na súa man o elaborado por un veciño mais nel non se recollen todas as fontes e lavadoiros que nos foron anunciando nas diferentes parroquias.

A realidade actual amosa que a recuperación física sen un contido social e cultural corre o risco de caer de novo no esquecemento.

Os lavadoiros non son só pedras; son os arquivos da memoria etnográfica das mulleres de Narón. Seguindo exemplos de boas prácticas noutros concellos da comarca, cómpre dar un paso máis alá da limpeza e o mantemento. Queremos que estes espazos sexan centros de interpretación ao aire libre e puntos de encontro interxeracional, valga para crear talleres de memoria nas parroquias, recoller imaxes da época e, en definitiva, poñer en valor a nosa propia historia. Ademais, de cara a traballar a igualdade estaríamos a falar de render tributo e recoñecemento a esas mulleres do pobo de Narón que fixeron un traballo invisibilizado e que debe ser recuperado nunha Ruta da Memoria.

Por todo isto solicitamos para a súa aprobación en Pleno os seguintes ACORDOS:

1.- Creación do programa "A Vida nos Lavadoiros":

Deseñar un plan de dinamización cultural que transforme os lavadoiros inventariados en espazos de divulgación histórica.

2.- Instalación de cartelería memorialista e explicativa: Instalar paneis en cada lavadoiro que non só indiquen a súa potabilidade ou nome, senón que inclúan:

- **Fotografías antigas** do lugar en uso.
- **Testemuños recollidos** de veciñas da parroquia sobre a vida comunitaria nese espazo.
- **Códigos QR** que enlacen a unha plataforma municipal con contido audiovisual e histórico.

3.- Obradoiros de Memoria nas Parroquias. Organizar xornadas de recollida de memoria oral nas distintas parroquias de Narón. Estes obradoiros servirán para documentar a historia non escrita de cada fonte e lavadoiro, implicando activamente á veciñanza de avanzada idade e aos centros escolares.

Narón, 15 de abril de 2026